

**SEGURO DE CAUCIÓN COMO GARANTÍA DE SUSPENSIÓN DE LIQUIDACIÓN RECORRIDA EN REPOSICIÓN.**

A entidade ..... (*razón social*) con CIF..... e domicilio en ..... (*poboación*), na rúa/praza/avda.: ..... debidamente representada por D/D<sup>a</sup>: ..... (*nome e apelidos das persoas apoderadas*) con NIF:....., con poderes suficientes para obrigarlle/s neste acto, segundo resulta da verificación da representación da parte inferior deste documento

**ASEGURA**

A D/D<sup>a</sup>:..... (*nome e apelidos ou razón social da persoa asegurada*) con NIF:..... e domicilio en ..... (*para os efectos de notificacións*) en concepto de tomador do seguro, perante o Concello de Arteixo, en diante asegurado, polo importe de ..... (*importe polo que se constitúe o seguro en letra e número*), mailos xuros demora que se xeren coa suspensión e as recargas que puidesen proceder no momento da solicitude da suspensión, en concepto de garantía para obter a suspensión da execución do acto recorrido, identificado co número de expediente..... (*indicar número de expediente ou liquidación*), por concepto..... (*IIVTNU, IBI, IAE....*), de acordo co disposto nos artigos 224 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e 25 do Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, en materia de revisión en vía administrativa.

A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non lle dará dereito á aseguradora a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura da aseguradora suspendida, nin a aseguradora liberada da súa obriga, en caso de que esta deba facer efectiva a garantía.

A aseguradora non poderá opoñerlle á persoa asegurada as excepcións que poidan corresponderlle contra a persoa tomadora do seguro.

A aseguradora, que renuncia expresamente a calquera beneficio, e en especial ao de previa exclusión dos bens da persoa tomadora do seguro, comprométese a facer efectiva a garantía, ao primeiro requirimento da Tesouraría do Concello de Arteixo, no prazo establecido no artigo 62.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e queda advertida de que se non o fixese así se seguirá contra os seus bens o procedemento administrativo de constrinximento.

Este seguro será de duración indefinida, permanecendo vixente até que o Concello de Arteixo resolva expresamente declarar a extinción da obriga garantida e a cancelación do seguro.

.....  
*(Lugar e data da súa expedición)*

.....  
*(Razón social da entidade)*

.....  
*(Sinatura das persoas apoderadas)*

VERIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN POLA SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE ARTEIXO OU POLA AVOGACÍA DO ESTADO		
Provincia:	Data:	Número ou Código: